

# MANUAL DE USO

## MÉTODO TAKEDINORUM

### PARA A APRENDIZAXE DA PERCUSIÓN CORPORAL

---

- O profesor disporá de **21 unidades independentes** para traballar dunha maneira secuencial e progresiva. En cada unidade atopará:
  - **Contidos específicos:**
    - Vídeo e breve descripción.
    - Partituras.
    - Comentarios, con propostas e suxerencias.
    - Créditos.
  - **Contidos comúns** (no formato B, este contido repítese en cada arquivo zip que descargues, para que podas telo dispoñible para consulta en todo momento)
    - Takedinorum: que é.
      - Normas básicas
      - Vogais
      - Consonantes
      - Notación
      - Definicións e siglas
      - Índice de vídeos
      - Fe de erratas
      - Contacto
    - Guía Didáctica.
    - Manual de Uso.
    - Documento técnico.
- O elemento principal dunha unidade didáctica é o **vídeo**.
- O profesor poderá **empregar** os vídeos:
  - **de modo directo** nas súas sesións lectivas, co alumnado desenvolvendo os exercicios que se propoñen.
  - coma unha **aprendizaxe propia** para despois desenvolver as súas propias sesións Takedinorum na aula, copiando elementos ou creando os seus propios.
- O profesor poderá desenvolver un **traballo**:

- **rápido e superficial**, intercalando os vídeos en medio das súas sesións de aula, como un modo de cambiar de actividade e manter a atención. Este tipo de traballo é moi importante e motivador en ocasións, non emprego "rápido e superficial" de maneira pexorativa senón en contraposición cun traballo máis profundo sobre os contidos do vídeo.
- **máis en profundidade**, asegurándose de que a maior parte do alumnado desenvolva os contidos, empregando os materiais complementarios...
- Os recursos poderán ser empregados en **calquer curso de ESO e Bacharelato**, dependerá do desenvolvemento curricular que se decida en cada curso e das características do alumnado.
- Os vídeos están organizados en 5 niveis de aprendizaxe. Como orientación xeral, se se quere traballar dun xeito progresivo:
  - os **niveis 1 e 2** poderían funcionar ben en 1ºESO (Obradoiro de música), 2º e 3º ESO (música),
  - os **niveis 3, 4 e 5** en 4º ESO e Bacharelato.
  - Por exemplo, podemos utilizar os contidos de percusión corporal dos vídeos como unha ferramenta para reforzar o traballo dunha partitura en calquer nivel, ou para traballar unha cuestión rítmica concreta.
- Cada vídeo vai acompañado duns **comentarios** con suxerencias e propostas que poden ser útiles para o profesor para o traballo na aula.
- Ademáis pódense descargar as **partituras** completas dos ritmos traballados en cada vídeo, que poden servir tanto para o estudo e preparación do profesor como para o traballo do alumnado.
- Na guía didáctica inclúense ademáis algunhas consideracións sobre a **avaliación** dos procesos desenvolvidos a través destes recursos.